


ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS SECTORES
DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN GALICIA

OCUPESCA 2015



XUNTA DE GALICIA

ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS SECTORES
DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN GALICIA

OCUPESCA 2015



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Santiago de Compostela

2017

**Servizo de Análise e de Rexistros
Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica**

Edificio Administrativo San Caetano
15781, Santiago de Compostela

Tfno: 981 547 468

Fax: 981 544 740

Correo electrónico: sarex.mar@xunta.gal

Elaboración:

Servizo de Análise e de Rexistros

Entidades colaboradoras:

Instituto Galego de Estatística (IGE),

Sivsa, Soluciones Informáticas S.A.

Traballo de campo:

Quadernas Consultoría S.L.

Edita:

Xunta de Galicia

Consellería do Mar

Deseño e maquetación:

Quadernas Consultoría S.L.

Agradecementos:

A todas as persoas enquisadas dos sectores galegos da pesca e da acuicultura mariña que facilitaron a información necesaria para obter os resultados da presente publicación.



ÍNDICE

PRÓLOGO

INTRODUCCIÓN

METODOLOXÍA

PRINCIPAIS RESULTADOS

1. PESCA EXTRACTIVA

- 1.1. OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO
- 1.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE
- 1.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA OCUPACIÓN
- 1.4. OCUPACIÓN POR SITUACIÓN PROFESIONAL

2. ACUICULTURA MARIÑA

- 2.1. OCUPACIÓN POR ESTRATO
- 2.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE
- 2.3. SITUACIÓN PROFESIONAL DOS OCUPADOS E OCUPADAS

3. DATOS ECONÓMICOS

- 3.1. FACTURACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA
- 3.2. FACTURACIÓN NA ACUICULTURA MARIÑA

PRÓLOGO

Din que cada enquisa é unha foto fixa dun asunto nun momento concreto. Din que esta reflicte a imaxe dun eido específico nese instante de recompilar os datos sen ver se este progresa cara adiante ou cara atrás. Amais, case sempre pensamos neste tipo de traballos de investigación coa aplicación das súas vantaxes aos asuntos de índole social e, de xeito especial, a aqueles susceptibles de servir de análise da opinión da nosa sociedade.

Ocupesca tráenos agora esa foto fixa aplicando o obxectivo da cámara de análise á situación laboral e socioeconómica básica da nosa estrutura pesqueira e acuícola, e déixanos datos de interese para facer unha análise da nosa evolución, das debilidades que debemos reforzar e das oportunidades nas que debemos seguir traballando.

Nesa foto fixa temos un punto de referencia que posteriormente ha de ser complementado e verificado día a día con datos dinámicos procedentes das estatísticas sectoriais correspondentes para saber se a evolución deste ámbito de actividade ao que nos ligamos avanza ou retrocede. Neste senso, vemos así como se vai freando o axuste de empregados no ámbito pesqueiro e referendamos esta cuestión ao ver que desde xaneiro de 2016 gañamos afiliados ao Instituto Social da Mariña, onde o saldo interanual é positivo. Mesmo os datos da Enquisa de poboación activa actualizados nos levan por esa vía e nos deixan datos de crecemento por riba da media galega.

Lugar á parte merecen as interpretacións das cifras da acuicultura, xa que a senda positiva nos confirma a tese da potencialidade deste sector e a capacidade deste como elemento de fomento laboral e económico, especialmente neste momento onde o freo da actividade no ámbito europeo e as dúbidas xurdidas co Brexit nos pode dar a oportunidade de retomar o liderado do sector, que ten como motor principal a miticultura.

A maiores, a consideración da actividade dos cultivos mariños como elemento de redinamización económica confirmou a súa certeza. A directa relación entre a potencialidade natural que ten Galicia neste eido, a aplicación de coñecementos e da tecnoloxía e a obtención de rendementos económicos importantes son elementos que nos deben levar a aproveitar o amplo campo de mellora que se nos abre, tendo como premisas a compatibilidade coas actividades preexistentes e o pleno respecto ao medio natural que nos dá a súa acollida.

Mais, coa referencia desa foto fixa e dos datos que as estatísticas sociolaborais e económicas nos dan mes a mes ou trimestre a trimestre, Ocupesca achega datos de interese que engaden demoras reais sobre as que tomar rumbos para as decisións que deben rexer os designios da acción de ordenación e orientación estratéxica do noso sector marítimo-pesqueiro.

Tanto é así que estas referendan, logo de ver as cifras de facturación media por estrato, a necesidade de dotar de maior valor engadido a produción da nosa frota de artes menores e a positividade de diversificar a xeración económica vinculada a ela, feito ao que contribúe de forma senlleira a énfase na diferenciación dos nosos produtos nos mercados da man de etiquetas que referendan a súa calidade e a aposta formulada arredor dos Grupos de Acción Local de Pesca. Do mesmo xeito, confirmamos a necesidade de seguir afianzando o traballo a prol da competitividade da frota de altura e gran altura como punto de apoio dunha parte fundamental da nosa estrutura pesqueira a teor da súa achega económica.

Polo tanto, as lecturas deste Ocupesca déixanos confirmación dunha necesidade que por repetida no ámbito europeo non deixa de ter connotacións e especificidade locais. Falamos do condicionante real de precisar un relevo xeracional para a nosa pesca e do imperioso deber de contribuír a equilibrar a presenza da muller neste ámbito.

Por iso, con esa referencia e connotación galega que nos dá esta enquisa e o seu traslado a datos concretos en función de tramos de idade e xénero, traballamos e traballaremos para que o aumento da matrícula nas nosas escolas nun 46% e a importante presenza feminina noutros eidos coma o marisqueo se traduza nun sector pesqueiro anovado e igualitario, para retomar a consideración do mar como o elemento de oportunidades socioeconómicas que sempre foi.

Queremos, xa que logo, que esta foto fixa vaia tomando movemento e dinamismo cara adiante, en termos positivos e de futuro sostible e competitivo. Esa será a foto na que mellor sairá a nosa Galicia marítimo-pesqueira e dese xeito queremos que saia.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar

INTRODUCCIÓN

A explotación dos recursos mariños nas bisbarras costeiras galegas ten unha importancia nunca discutida, pero que ata hai ben pouco carecía de datos empíricos que testemuñasen de forma práctica a súa condición de motor de desenvolvemento económico e social. A dispoñibilidade de información e o coñecemento da pegada da actividade produtiva ligada ao mar -pesca extractiva e acuicultura- é requisito indispensable para cuantificar a súa propia magnitude, o seu peso sobre o conxunto da economía galega tanto de xeito directo, como de modo indirecto a través da súa influencia en sectores vinculados -empresas subministradoras, empresas de transformación e comercialización-, que espallan o rendemento económico do mar por toda a sociedade.

Neste afán por mellorar a información dispoñible sobre as dimensións sociais e económicas das actividades vinculadas ao mar (pesca e acuicultura) a Consellería do Mar puxo en marcha en 2011 a enquisa Ocupesca, que recolle datos cada dous anos e xa vai pola súa terceira edición.

Na presente edición danse a coñecer os resultados referidos á poboación ocupada nos buques con porto base en Galicia e nos establecementos acuícolas galegos durante o ano 2015, así como a súa facturación económica durante o devandito exercicio.

Esta enquisa é unha operación estatística incluída no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 (Decreto 185/2015, DOG n.º 246 do 28/12/2015). A coordinación do proxecto, o deseño da mostra e a obtención dos resultados a partir da base de datos levouse a cabo dende a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. O traballo de campo desenvolveuno a empresa Quadernas Consultoría.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) achegou importantes suxestións á parte xeral e, de xeito máis específico, colaborou no referente ás características económicas, tanto na fase de deseño dos cuestionarios coma na obtención dos resultados derivados das variables económicas que acompañaban o módulo xeral da enquisa, e asumiu tamén parte das tarefas de control e depuración de datos.

METODOLOXÍA

A poboación obxecto de estudo ou universo da enquisa Ocupesca na súa edición de 2015 está composta, no caso da pesca extractiva, polo conxunto dos buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia, e no caso da acuicultura, polas empresas que posúen establecementos de cultivo mariños en Galicia de tipo criadeiras ou granxas, liñas ou gaiolas, parques de cultivo e bateas. En consecuencia, no caso da pesca extractiva cada unidade de mostraxe correspóndese cun único buque, mentres que no caso da acuicultura cada unidade de mostraxe se corresponde cunha empresa que pode ter máis dun establecemento e mesmo establecementos de distinto tipo. Tendo isto en conta, cando a empresa acuícola posúe establecementos de distinto tipo, a súa atribución a un ou outro estrato de mostraxe responde ao criterio da explotación principal, entendida como aquela que achega maior facturación á empresa.

Tendo como marco o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e a base de datos para a xestión de cultivos mariños de Galicia, o deseño de mostraxe realizado tivo como referencia un universo de 4438 buques con porto base en Galicia e 2641 empresas de acuicultura na comunidade. Partimos pois de dous universos de estudo distintos e polo tanto de dúas submostras específicas. Estas submostras divídense á súa vez en diferentes estratos tal e como se amosa na táboa da páxina seguinte.

No caso da pesca extractiva este universo foi estratificado en función do caladoiro (comunitario, nacional ou internacional) e a arte de pesca principal (arrastre, cerco, arrastre e cerco, enmalle, palangre de fondo, palangre de superficie e artes menores), dando lugar a 10 estratos, sobre os que se procedeu á selección dunha mostra aleatoria simple.


Respecto da acuicultura, os parámetros para a estratificación tiveron en conta o tipo de establecemento principal da empresa (criadeiras e/ou granxas, liñas e/ou gaiolas, parques de cultivo e bateas) dando lugar a 3 estratos. Salvo en determinados estratos onde, debido á súa reducida poboación, a mostra abarcou a totalidade do universo, no resto dos estratos, que conforman a gran maioría, seleccionouse unha mostra aleatoria simple.

Táboa n.º 1. Tamaños de poboación e mostra dos sectores da pesca extractiva e a acuicultura

PESCA EXTRACTIVA (buques)	Poboación	Mostra
	N.º	N.º
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4261	497
Arrastre	70	31
Artes menores	3932	350
Cerco	147	66
Enmalle	32	14
Palangre de fondo	28	13
Palangre de superficie	52	23
Pesqueiras comunitarias	72	32
Arrastre	29	13
Palangre de fondo	43	19
Pesqueiras internacionais	105	47
Arrastre e cerco	35	16
Palangre de superficie	70	31
TOTAL	4438	576

ACUICULTURA (empresas)	Poboación	Mostra
	N.º	N.º
Criadeiros, granxas, liñas e/ou gaiolas	30	30
Parques de cultivo	682	140
Bateas	1929	214
TOTAL	2641	384

Gráfico n.º 1. Tamaños de poboación e representatividade da mostra nos sectores da pesca extractiva e a acuicultura, ano 2015



Tanto no caso da pesca extractiva como no da acuicultura, para a recollida de datos os cuestionarios compuxéronse de 2 módulos: un módulo xeral no que se centraron as variables de ocupación e un módulo económico.

Módulo xeral

No módulo de carácter xeral de pesca recóllese a incidencia ocorrida durante o período de recollida de datos ("enquisable", "buque de baixa", "inactivo en 2015"...) e os posibles cambios producidos nos datos das mostras (nome do buque, caladoiro, arqueo GT, arqueo TRB, potencia, eslora, porto base, titularidade...); no módulo xeral de acuicultura, ás incidencias da recollida de datos e posibles cambios nos datos de mostraxe engadíranse variables para saber os tipos de establecementos de acuicultura en Galicia propiedade do titular (parques de cultivo, bateas, gaiolas ou liñas de cultivo, granxas mariñas e/ ou criadeiro) e os días dedicados por trimestre de 2015 a cada unha das actividades previstas segundo o tipo de establecemento do que se tratase (recollida e compra de semente, sementeira/encordado, rareos / desdobres, limpeza e colleitas para a venda).

Tanto no módulo xeral de pesca como no de acuicultura recóllese a información relativa ao número de traballadores do buque ou empresa acuícola.

En ambos casos, tanto para a acuicultura como para a pesca, neste módulo recóllense todas as variables relacionadas co perfil dos traballadores: días traballados por trimestre, sexo, idade, nacionalidade, lugar de residencia, tipo de contrato, tipo de xornada, altas e baixas na Seguridade Social, duración da xornada laboral etc. Este apartado aplícase para cada entrevistado tantas veces como traballadores declarase anteriormente.

Módulo económico

Aínda que para a mostra da pesca extractiva o módulo xeral recolle datos relativos exclusivamente ao buque ou buques presentes na mostra, o módulo económico recolle os datos relativos ao conxunto da actividade empresarial do armador en 2015. No caso da acuicultura, tanto o módulo xeral como o económico recollen datos do conxunto da actividade empresarial do titular.

Dado que a mostra é aleatoria simple en cada estrato, para obter os resultados dentro de cada un empréganse os estimadores de simple expansión. Isto significa que para estimar o número de persoas ocupadas en Galicia nun determinado estrato h emprégase:

$$\hat{X}^h = N^h \frac{\sum_i X_i^h}{n^h} = \sum_i \frac{N^h}{n^h} X_i^h$$

sendo X_i^h o número de persoas ocupadas na unidade i -ésima do estrato h , n^h o número unidades na mostra do estrato h e N^h o número de unidades da poboación do estrato h .



PRINCIPAIS RESULTADOS



1

PESCA EXTRACTIVA

1.1. OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO

NO 2015 OS BUQUES CON PORTO BASE EN GALICIA EMPREGARON A 10.635 TRIPULANTES, O 53,9% EN BUQUES DE ARTES MENORES

Ao longo de 2015, os 4438 buques censados con porto base en Galicia deron traballo a 10.635 tripulantes, distribuídos de forma moi desigual, non só en función do caladoiro, senón tamén da arte de pesca empregada.

Así, o caladoiro máis destacado pola súa influencia no eido laboral foi o nacional, ao que se vincularon o 96,01% dos buques (4261) e o 79,55% dos tripulantes (8460 traballadores). En función da arte de pesca empregada, no caladoiro nacional é preciso destacar as artes menores, pois corresponde a dito estrato o 88,60% dos buques e o 53,90% dos tripulantes deste caladoiro.

Mentres, a artes como o enmalle ou o palangre de fondo dedicáronse menos do 1% dos buques que pescaron no caladoiro nacional, e cada unha destas artes deron traballo a porcentaxes lixeiramente superiores ao 2% en cada caso. Aínda dentro do caladoiro nacional atópase a segunda arte con maior número de tripulantes, o cerco, con 1168 tripulantes (o 10,98% do total). O arrastre enrolou o 6,43% dos tripulantes e o palangre de superficie o 3,81%.


Os outros dous caladoiros presentan un número de barcos moito menor, pois entre ambos non chegan ao 4% dos buques con porto base en Galicia; aínda que dadas as dimensións destas embarcacións e os longos períodos que empregan nas súas mareas precisan de tripulacións máis numerosas, polo que non é de estrañar obter que neles traballaron máis do 20% dos tripulantes.

Concretamente, pescaron en pesqueiras comunitarias o 1,62% dos buques e en internacionais o 2,37%, dando traballo ao 10,30% e ao 10,15% dos tripulantes ocupados na pesca galega en 2015, respectivamente. Dentro das pesqueiras comunitarias destaca o palangre de fondo (7,49% do total) e dentro das pesqueiras internacionais foi a arte de arrastre e cerco a que ocupou o maior volume de tripulantes (6,04%).

Táboa n.º 2. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro/tipo de pesca, ano 2015

CALADOIRO	Barcos		Tripulantes		Tripulantes/barco (media)
	N.º	%	N.º	%	
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4261	96,01%	8460	79,55%	1,99
Arrastre	70	1,58%	684	6,43%	9,77
Artes menores	3932	88,60%	5732	53,90%	1,46
Cerco	147	3,31%	1168	10,98%	7,94
Enmalle	32	0,72%	253	2,37%	7,89
Palangre de fondo	28	0,63%	217	2,04%	7,75
Palangre de superficie	52	1,17%	406	3,81%	7,8
Pesqueiras comunitarias	72	1,62%	1096	10,30%	15,22
Arrastre	29	0,65%	299	2,82%	10,33
Palangre de fondo	43	0,97%	796	7,49%	18,51
Pesqueiras internacionais	105	2,37%	1080	10,15%	10,28
Arrastre e cerco	35	0,79%	643	6,04%	18,36
Palangre de superficie	70	1,58%	437	4,11%	6,24
TOTAL	4438	100%	10.635	100%	2,40

Gráfico nº 2. Tripulantes por estrato, ano 2015



Dadas as diferenzas de tamaño dos buques e a dispar duración das súas singraduras, non é de estrañar un número medio de tripulantes moi heteroxéneo segundo o caladoiro observado. Así, os estratos correspondentes a caladoiros comunitarios presentan unha media de 15,22 tripulantes por barco (10,33 tripulantes de media no caso do arrastre e 18,51 no do palangre de fondo). O número medio de tripulantes baixa aos 10,28 no caso dos caladoiros internacionais (de novo cunha notable diferenza en función da arte de pesca empregada -18,36 tripulantes no caso do arrastre e cerco e 6,24 tripulantes no do palangre de superficie-). Non obstante, o número medio de tripulantes rexistra o seu valor máis baixo no caladoiro nacional, 1,98; valor que agocha unha notable disparidade principalmente entre as artes menores (1,46 tripulantes por barco) e o resto das artes (entre os 7,75 e os 9,77 tripulantes por barco).

O número de tripulantes da frota galega reduciuse nun 9,46% no período comprendido entre o 2013 e o 2015. Esta diminución é atribuíble principalmente ao estrato pesquerías internacionais.

**Táboa n.º 3. Poboación ocupada na pesca extractiva por estrato.
Comparativa co 2013**

CALADOIRO	N.º de buques			N.º de tripulantes		
	2015	2013	% var.	2015	2013	% var.
Pesquerías comunitarias	72	91	-20,88%	1096	1114	-1,63%
Pesquerías internacionais	105	122	-13,93%	1080	1421	-24,02%
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4261	4418	-3,55%	8460	9211	-8,16%
Artes menores	3932	4059	-3,13%	5732	6136	-6,58%
Resto	329	359	-8,36%	2728	3076	-11,31%
TOTAL	4438	4631	-4,17%	10.635	11.746	-9,46%

1.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE

Para un axeitado coñecemento da pegada da pesca na ocupación laboral da poboación cómpre prestar atención a variables sociodemográficas relativas aos propios ocupados, como o xénero, a idade e a nacionalidade, variables moi dispares segundo o caladoiro ou a arte de pesca empregada.

**A PRESENZA DA MULLER NA TRIPULACIÓN DOS BUQUES É MÍNIMA;
UNICAMENTE SUPERA O 1% NO CALADOIRO NACIONAL E NO
ESTRATO DE ARTES MENORES ROZA O 8%**

Pese a exercer un papel de grande importancia noutros traballos relacionados coa pesca (dende o arranxo das redes a funcións administrativas ou de xestión, pasando pola industria conserveira etc.), o papel da muller na tripulación dos barcos segue a ser mínimo e, nalgúns casos, mesmo meramente testemuñal, como evidencian os datos por estratos.

No conxunto da frota, a presenza da muller na tripulación dos buques non pasa do 4,49%, o que evidencia unha forza de traballo predominantemente masculina. De feito, nalgúns estratos non se rexistrou ningunha presenza feminina.

**Táboa n.º 4. Poboación ocupada na pesca extractiva
por xénero, ano 2015**

CALADOIRO	Home		Muller		Total
	N.º	%	N.º	%	Nº
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	7991	94,46%	469	5,54%	8460
Pesquerías comunitarias	1091	99,59%	4	0,41%	1096
Pesquerías internacionais	1075	99,59%	4	0,41%	1080
TOTAL	10.157	95,51%	478	4,49%	10.635

En todo caso, a presenza da muller como tripulante de buques de pesca concéntrase principalmente no caladoiro nacional, onde a muller supón o 5,54% dos tripulantes, fronte ao 0,41% dos buques que pescan en pesqueiras comunitarias e idéntica porcentaxe no caso dos buques das pesqueiras internacionais.


Tamén no caladoiro nacional se aprecian importantes diferenzas nesa presenza da muller nas tripulacións, pois mentres supoñen o 7,94% dos tripulantes nas artes menores e, de xeito máis secundario, o 3,23% dos tripulantes en buques que practican o palangre de fondo, non acadan nin o 1% nas demais artes.

DOUS DE CADA TRES TRIPULANTES TEÑEN ENTRE 35 E 54 ANOS

Logo de observar a distribución por idades dos tripulantes dos buques de pesca extractiva con porto base en Galicia durante 2015, compróbase como o 66,17% ten entre 35 e 54 anos, sendo este, polo tanto, o tramo de idade predominante entre os ocupados neste sector.

O segmento de idade máis novo, de 16 a 34 anos, é o segundo máis destacado en termos porcentuais (21,14%). Finalmente, ten 55 anos ou máis o 12,21% restante dos tripulantes. Neste punto cómpre lembrar que o réxime especial do mar do Instituto Social da Mariña (ISM) permite un adiamento da idade de xubilación, o que explica que só o 2,62% dos tripulantes siga traballando superados os 60 anos.

Gráfico nº 3. Poboación ocupada na pesca extractiva por tramo de idade, ano 2015



Aínda que o segmento de 35 a 54 anos é o predominante nos buques dos tres caladoiros o certo é que rexistra porcentaxes desiguais entre eles. Dese xeito, este segmento supón o 80,28% nas tripulacións dos barcos que pescan nas pesqueiras internacionais, onde os ocupados máis novos, de 16 a 34 anos acadan a súa porcentaxe máis baixa, 9,63%; ao igual que os ocupados de 55 anos en adiante, 9,72%. En cambio, ese segmento de 35 a 54 anos rexistra un valor moi inferior no caladoiro nacional (63,74%), onde as porcentaxes relativas dos tripulantes máis novos e a dos maiores acadan os seus valores máis altos (os respectivos 23,18% e 12,55%).

Estes datos reflicten que os buques do caladoiro nacional son os que presentan unhas tripulacións máis diversas no que atinxe á idade, e os buques das pesqueiras internacionais os que amosan unhas tripulacións con maior predominio do segmento de 35 a 54 anos.

O 86,86% DOS TRIPULANTES DA FROTA EXTRACTIVA GALEGA TEÑEN NACIONALIDADE ESPAÑOLA, PORCENTAXE QUE VARIA NOTABLEMENTE EN FUNCIÓN DO CALADOIRO

O 86,86% dos tripulantes da frota pesqueira galega no 2015 teñen nacionalidade española, un 11,73% son estranxeiros e o 1,36% restante contan con dobre nacionalidade.

Por caladoiros estas cifras amosan valores moi dispares. Así, a porcentaxe de ocupados con nacionalidade española acada o 91,12 % no nacional, pois é onde rexistran o seu menor peso porcentual os estranxeiros (7,87 %) e os ocupados con dobre nacionalidade (1%).

O caso contrario é o das pesqueiras comunitarias, onde os españois continúan a ser maioría pero cunha porcentaxe que non pasa do 54,33%, e consecuentemente se incrementan as porcentaxes de estranxeiros e tripulantes con dobre nacionalidade (41,76% e 3,60%, respectivamente).

Nas pesqueiras internacionais a porcentaxe de ocupados españois é do 86,5%.


Se lle prestamos atención á nacionalidade de tripulantes estranxeiros (o 11,73% dos tripulantes da frota pesqueira galega no 2015), obsérvase que o 2,21% deles é indonesio, o 1,42% é peruano e o 1,16% senegalés. A cuarta nacionalidade máis habitual, aínda que non acada nin o 1%, é a dos marroquís (0,86%).

As demais nacionalidades rexistran porcentaxes inferiores ao 0,5%.

Táboa nº 5. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro e nacionalidade, ano 2015

NACIONALIDADE	Caladoiro nacional		Pesquerías comunitarias		Pesquerías internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	7708	91,12%	595	54,33%	934	86,50%	9237	86,86%
Española e outra	84	0,99%	39	3,60%	22	2,03%	145	1,36%
Estranxeira	666	7,87%	457	41,76%	124	11,47%	1247	11,73%
NS/NC	2	0,02%	3	0,31%			5	0,05%
TOTAL	8460	100%	1096	100%	1080	100%	10.635	100%

Gráfico nº 4. Distribución porcentual por nacionalidade da poboación ocupada na pesca extractiva, ano 2015



1.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA OCUPACIÓN

Para o coñecemento da distribución xeográfica da ocupación no sector pesqueiro galego prestouse atención á provincia na que tivesen o seu porto base os buques. Así obsérvase que no 2015 o 47,13% dos tripulantes estiveron ocupados en buques censados na provincia da Coruña e o 39,33% en buques censados en Pontevedra. Correspondeu a buques rexistrados en Lugo o 13,54% restante dos tripulantes.

A segmentación por provincias permite observar a existencia dunha certa especialización nun ou noutro caladoiro en función da provincia.

Así, os buques da provincia de Lugo acollen o 63,43% dos tripulantes que pescan en pesqueiras comunitarias. Pola súa banda os buques censados en Pontevedra enrolaron o 89,18% dos tripulantes que traballaron nas pesqueiras internacionais. Finalmente, os datos relativos ao caladoiro nacional amosan o predominio dos ocupados en buques censados na Coruña (56,64%).

Táboa n.º 6. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro/tipo de pesca e provincia, ano 2015

PROVINCIA	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias		Pesqueiras internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Coruña	4791	56,64%	183	16,66%	38	3,56%	5012	47,13%
Lugo	666	7,88%	695	63,43%	78	7,27%	1440	13,54%
Pontevedra	3002	35,48%	218	19,90%	963	89,18%	4183	39,33%
TOTAL	8460	100%	1096	100%	1080	100%	10.635	100%

1.4. OCUPACIÓN POR SITUACIÓN PROFESIONAL

DOUS DE CADA TRES TRIPULANTES SON ASALARIADOS MENTRES QUE UN TERZO TRABALLA POR CONTA PROPIA, DATOS QUE PRESENTAN IMPORTANTES VARIACIÓN EN FUNCIÓN DO ESTRATO


No conxunto dos ocupados na pesca extractiva en Galicia durante o 2015 o 66,89% son asalariados e, polo tanto, traballadores por conta allea. Rexistra tamén unha destacada importancia a porcentaxe de propietarios da sociedade que traballan nela, pois supoñen o 32,82% do total dos ocupados. O 0,29 % restante atópase noutras situación, profesionais todos eles circunscritos ao caladoiro nacional.

Táboa n.º 7. Poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional, ano 2015

Situación profesional	Caladoiro nacional		Pesqueirías comunitarias		Pesqueirías internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	4961	58,64%	1089	99,38%	1064	98,59%	7114	66,89%
Conta propia	3468	40,99%	7	0,62%	15	1,41%	3490	32,82%
Outras situacións	14	0,17%					14	0,13%
NS/NC	17	0,20%					17	0,16%
TOTAL	8460	100%	1096	100%	1080	100%	10.635	100%

Pero estes datos xerais, do conxunto dos tripulantes, agochan importantes diferenzas en función do caladoiro do que se trate. Así, por exemplo, a porcentaxe de asalariados sitúase no 99,38% nas pesqueiras comunitarias e no 98,59% nas internacionais, pois nelas a porcentaxe doutras situacións profesionais (especificamente propietarios da sociedade que traballan nela) non pasa do 0,62% e o 1,41%, respectivamente.

Gráfico n.º 5. Poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional, ano 2015



En cambio, a porcentaxe de asalariados baixa ata o 58,64% no caladoiro nacional, onde é maior o número de pequenos buques nos que os propietarios dos barcos forman parte da tripulación. Porén, no caladoiro nacional a porcentaxe de propietarios da sociedade que traballan nela acada o 40,99%.

Estas diferenzas tamén se producen entre as distintas artes de pesca empregadas dentro do propio caladoiro nacional, ao igual que acontecía co número medio de tripulantes por barco. De feito, pódese apreciar a estreita relación que existe entre o número medio de traballadores e a porcentaxe de propietarios da sociedade que traballan nela, de xeito que canto menor é este número maior é a porcentaxe de traballadores

por conta propia. Un claro exemplo é o das artes menores, onde o número medio de traballadores é de 1,46 e a porcentaxe de autoemprego acada o 56,08%, o que indica que na maioría deses buques un dos tripulantes adoita a ser o seu propietario. O palangre de fondo e o cerco son as seguintes artes con maior porcentaxe de ocupados por conta propia, pero xa con porcentaxes por debaixo do 15%.

O 65,72% dos ocupados na pesca extractiva en 2015 non foron dados de alta na Seguridade Social ao longo de 2015 porque xa estaban nesa situación antes do comezo do ano. Si causaron alta na Seguridade Social o 34,15%, porcentaxe que engloba tanto os ocupados que foron alta nese ano por primeira vez na súa vida laboral como por aqueles que foron alta por outras causas (procedentes de situacións de desemprego, de cambios de buque ou empresa, de baixas por incapacidade temporal etc.).

Tamén a porcentaxe de ocupados que foron alta na Seguridade Social ao longo de 2015 amosa unha forte variación en función do caladoiro, pois mentres se sitúa no 31,25% no nacional e no 34,91% nas pesqueiras internacionais, chega ao 55,80% nas comunitarias.

2

ACUICULTURA MARIÑA

2.1. OCUPACIÓN POR ESTRATO

EN 2015 AS 2641 EMPRESAS DE ACUICULTURA EXISTENTES EN GALICIA DERON TRABALLO A 5949 PERSOAS

Segundo a base de datos para a xestión de cultivos mariños en Galicia, en 2015 había na Comunidade Autónoma 2641 empresas de acuicultura. A realización da enquisa Ocupesca permitiu determinar un volume de 5949 ocupados na actividade acuícola, dando lugar a un número medio de traballadores por empresa de 2,25 ocupados. Como amosa a táboa inferior, esta cifra media presenta notables variacións segundo o tipo de establecemento do que se trate.

Á marxe do número medio de empregados por empresa é preciso observar o peso de cada tipo de establecemento sobre o conxunto da acuicultura en Galicia, para confirmar, unha vez máis, a destacada importancia relativa do estrato das bateas sobre a ocupación. De feito, en 2015 xestionaba bateas o 73,04 % das empresas de acuicultura de Galicia, e ocupaban o 74,23% do total dos traballadores do sector.

O segundo tipo de empresas máis importante en número e en volume de ocupados é o das que explotan parques de cultivo (o 25,82 % das empresas censadas nese ano, e o 14,89% dos ocupados).

Os estratos constituídos por criadeiras e granxas, por unha banda, e o de liñas e gaiolas, por outra, realizan a achega menos numerosa tanto ao número de empresas (30 en total), como ao volume de ocupados (10,88 %).

Táboa n.º 8. Poboación ocupada na acuicultura por estrato, ano 2015

Establecemento	Empresas		Ocupados		N.º ocupados (media)
	N.º	%	N.º	%	
Bateas	1929	73,04%	4416	74,23%	2,29
Parques de cultivo	682	25,82%	886	14,89%	1,3
Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	30	1,14%	648	10,88%	21,58
TOTAL	2641	100%	5949	100%	2,25

Dada a distinta natureza de cada tipo de instalación, unhas son máis esixentes en forza de traballo que outras e isto reflíctese claramente no número medio de ocupados por estrato. Así, as granxas e criadeiras, ao ser instalacións situadas en terra firme e nas que se cría un número importante de individuos das especies cultivadas que precisan dunha subministración diaria de alimentos e coidados específicos para mantelos en condicións óptimas, adoitan requirir un maior volume de persoal que as liñas, as gaiolas, os parques de cultivo e as bateas.

As bateas e os parques de cultivo teñen menos superficie de explotación por establecementos e están situados en zonas marítimas ou intermareais, polo que as especies obteñen o alimento do medio natural e requiren menos atención para a realización dos labores de cultivo. Isto explica que neses casos se observe un número medio de ocupados por empresa moito máis baixo.

**Táboa n.º 9: Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento.
Comparativa co 2013**

	N.º DE EMPRESAS			N.º OCUPADOS		
	2015	2013	% VAR.	2015	2013	%VAR.
Bateas	1929	1998	-3,45%	4416	4052	8,98%
Parques de cultivo	682	665	2,56%	886	795	11,46%
Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	30	31	-3,23%	648	614	5,40%
TOTAL	2641	2694	-1,97%	5949	5461	8,93%

Na táboa anterior reflíctese a evolución do número de traballadores dende a edición de Ocupesca do ano 2013. Pódese observar como o número de ocupados se viu incrementado neste período de tempo, incluso naqueles casos onde o número de empresas diminuíu.

2.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE

**UN DE CADA CATRO EMPREGOS NA ACUICULTURA
GALEGA É DESEMPEÑADO POR MULLERES**

NOS PARQUES DE CULTIVO ESTA RATIO ACADA O 39,75%

A acuicultura en Galicia durante 2015 empregou a 4507 homes e a 1442 mulleres, o que supón que tres de cada catro ocupados era varón (75,76%) mentres as mulleres constituíron o 24,24% restante.

Aínda que a presenza masculina foi maioritaria en todos os estratos, os valores amosan unha distribución dos ocupados por sexo certamente dispar.

Táboa n.º 10. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento e xénero. Ano 2015

Xénero	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Homes	3504	79,36%	534	60,25%	469	72,43%	4507	75,76%
Mulleres	912	20,64%	352	39,75%	179	27,57%	1442	24,24%
TOTAL	4416	100%	886	100%	648	100%	5949	100%

Se ben é certo que na acuicultura é nos parques de cultivo onde se aprecia unha maior porcentaxe de mulleres ocupadas (39,75% do total dos ocupados nese estrato), aínda está moi lonxe do valor que alcanza a presenza da muller no marisqueo, que ao final do exercicio 2015 acadou valores próximos ao 78%.

Fronte aos parques de cultivo, as bateas son as que presentan unha menor porcentaxe de mulleres (un 20,64 %).

SEIS DE CADA DEZ OCUPADOS NA ACUICULTURA TEÑEN ENTRE 35 E 54 ANOS

No que atinxe á distribución segundo en franxas de idade, obsérvase que o 60,77% dos ocupados na acuicultura ten entre 35 e 54 anos. Este é o tramo de idade máis habitual entre os ocupados de todos os estratos do sector, con porcentaxes entre o 59,1% dos criadeiros, granxa, liñas e gaiolas e o 66,67% dos parques de cultivo.

O segundo segmento de idade máis habitual é o dos que teñen 55 anos en diante, que supón o 21,32% do total dos ocupados na acuicultura.

Táboa n.º 11. Poboación ocupada na acuicultura por tramos de idade, ano 2015

ESTABLECEMENTO	16-34 anos		35-54 anos		55 ou máis anos		NS/NC		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Criadeiros e/ou granxas e/ou liñas e/ou gaiolas	201	31,02%	383	59,10%	64	9,88%	-	-	648	100%
Parques de cultivo	100	11,30%	591	66,67%	190	21,48%	5	0,56%	886	100%
Bateas	743	16,84%	2.642	59,82%	1.015	22,99%	16	0,35%	4416	100%
Total	1044	17,55%	3616	60,77%	1269	21,32%	21	0,35%	5949	100%

O grupo de idade menos numeroso na acuicultura galega durante 2015 foi o dos ocupados de entre 16 e 34 anos, pois supuxeron o 17,55% do total. Neste caso, cabe salientar que a presenza de ocupados deste tramo de idade destacou de forma notoria no caso do estrato dos criadeiros, granxas, liñas de cultivo e/ou gaiolas (31,02%, fronte a valores entre o 11,30% e o 16,84% nos establecementos restantes).

Así pois, é o estrato dos criadeiros, granxas, liñas e/ou gaiolas os que contan cunha forza de traballo máis moza, ao presentar a menor porcentaxe de ocupados de 55 anos en diante e a maior porcentaxe de menores de 35.

MENOS DO 1% DOS OCUPADOS NA ACUICULTURA É DE NACIONALIDADE ESTRANXEIRA

A presenza de ocupados con nacionalidade estranxeira na acuicultura galega en 2015 é de tan só o 0,78%, porcentaxe que só amosa un valor por riba do 1% no caso dos parques de cultivo (onde acada o 2,23%).

Táboa n.º 12. Poboación ocupada na acuicultura por nacionalidade, ano 2015

NACIONALIDADE	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	4384	99,28%	859	96,93%	642	99,12%	5885	98,92%
Española e outra	6	0,14%	7	0,84%	5	0,73%	18	0,31%
Estranxeira	25	0,58%	20	2,23%	1	0,15%	46	0,78%
TOTAL	4416	100%	886	100%	648	100%	5949	100%

2.3. SITUACIÓN PROFESIONAL DOS OCUPADOS E OCUPADAS

DOUS DE CADA TRES OCUPADOS NA ACUICULTURA GALEGA TRABALLAN POR CONTA PROPIA.


A ACUICULTURA GALEGA DEULLES TRABALLO A 1.745 PERSOAS POR CONTA ALLEA

No conxunto da acuicultura de Galicia en 2015 o 66,38% dos ocupados traballou en empresas da que son propietarios, sendo este o colectivo máis numeroso. Por tipo de instalación esta porcentaxe amosou unha marcada disparidade, entre os parques de cultivo e as bateas, por unha banda (nelas a porcentaxe de propietarios que traballan na instalación é do 75,03% e o 74,17%, respectivamente), e os criadeiros ou granxas e as liñas ou gaiolas por outra (1,39%).

Táboa n.º 13. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento e situación profesional, ano 2015

Situación profesional	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	1015	22,98%	94	10,60%	637	98,30%	1745	29,34%
Conta propia	3275	74,17%	665	75,03%	9	1,39%	3949	66,38%
Outras situacións	126	2,85%	127	14,37%	2	0,31%	255	4,29%
TOTAL	4416	100%	886	100%	648	100%	5949	100%

Gráfico n.º 6. Poboación ocupada na acuicultura por situación profesional para cada tipo de establecemento, ano 2015



Consecuentemente, os asalariados que no conxunto da acuicultura supoñen o 29,34% dos ocupados, tamén amosan unha forte diferenza segundo o tipo de instalación do que se trate, pois pasan do 10,60% nos parques de cultivo ou o 22,98% das bateas ao 98,30% dos criadeiros ou granxas, liñas e gaiolas.

Con estes datos resulta evidente que os criadeiros e granxas, por esa maior necesidade de traballadores que se observaba xa respecto do número medio de ocupados por empresa, son os que presentan maior porcentaxe de persoal por conta allea, fronte a instalacións como os parques de cultivo e as bateas, onde predomina con claridade a ocupación dos propietarios da sociedade sobre a contratación de persoal.

3

DATOS ECONÓMICOS

A FACTURACIÓN TOTAL DO SECTOR ALCANZOU EN 2015 OS 1050 MILLÓNS DE EUROS.

Os resultados da enquisa indican que o importe neto da cifra de negocios do sector obxecto de estudo alcanzou os 1050 millóns de euros, dos cales 802 millóns corresponderon á pesca extractiva e preto de 248 millóns á acuicultura.


3.1. FACTURACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA

Táboa n.º 14. Facturación media na pesca extractiva por estrato, ano 2015

CALADOIRO	Facturación		N.º ocupados		€/ocupado
	Miles €	%	N.º	%	
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	263.456	32,86%	8459	79,54%	31.145
Artes menores	92.156	11,50%	5732	53,90%	16.077
Resto	171.300	21,37%	2727	25,64%	62.816
Pesquerías comunitarias	131.011	16,34%	1096	10,31%	119.536
Pesquerías internacionais	407.165	50,79%	1080	10,16%	377.005
TOTAL	801.633	100%	10.635	100%	75.377

A cifra total de negocios na pesca extractiva de 2015 mantense máis ou menos nos mesmos niveis de 2012. Non obstante, vese que por estratos a evolución é dispar, e destaca o aumento de facturación do estrato de artes menores e das pesquerías internacionais.

Gráfico n.º 7. Euros por ocupado na pesca extractiva, ano 2015



3.2. FACTURACIÓN NA ACUICULTURA MARIÑA

Táboa n.º 15. Facturación media na acuicultura por establecemento, ano 2015

Establecemento	Facturación		N.º ocupados		€/ocupado
	Miles €	%	N.º	%	
Bateas	136.831	55,19%	4416	74,23%	30.985
Parques de cultivo	18.122	7,31%	886	14,89%	20.457
Criadeiras e/ou granxas e/ou liñas e/ou gaiolas	92.979	37,50%	648	10,88%	143.596
TOTAL	247.932	100%	5949	100%	41.674

Na acuicultura as bateas representan o 55,19% da facturación total, mentres os criadeiras, granxas, gaiolas ou liñas de cultivo achegan o 37,50% do sector e a facturación dos parques de cultivo representa só o 7,31% restante.

Na comparativa cos datos obtidos na anterior edición (datos económicos correspondente ao exercicio de 2012) vese un claro incremento nos datos de facturación en todos os estratos, e o incremento medio da cifra de negocios nestes tres anos transcorridos foi de 13,9%.

O SECTOR ACHEGOU 555 MILLÓNS DE EUROS DE VALOR ENGADIDO, O QUE REPRESENTA UN 1,0% DO PIB DE GALICIA

A partir dos resultados obtidos na enquisa podemos facer unha transformación dos datos obtidos, que responden á contabilidade empresarial, a variables de contabilidade nacional. En particular é interesante a aproximación ao valor engadido bruto (VEB) xerado polo sector, para situar o peso do sector no contexto da economía galega. É dicir, calcular o VEB do sector permítenos a comparativa co produto interior bruto (PIB) de Galicia.

O valor engadido xerado polo sector ascendeu a 555 millóns de euros, dos cales 127 millóns proveñen do sector acuícola, e o resto (428 millóns de euros) son xerados pola pesca extractiva.



galicia



XUNTA
DE GALICIA